

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE FEBREIRO DE 2008.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Edgar Antonio Vigo López.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora accidental:

D^a Milagros López Álvarez.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e cinco minutos do día sete de Febreiro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste a Interventora accidental D^a Milagros López Álvarez, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTA DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 30 DE NOVIEMBRE, 13 E 28 DE DICIEMBRE DE 2007.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 30 de Novembro, 13 e 28 de Decembro de 2007, previamente remitidas coa convocatoria.

Non producíndos intervencións, pola presidencia sométese a votación ordinaria as actas das sesións celebradas en datas 30 de Novembro, 13 e 28 de Decembro de 2007, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 30 de Novembro de 2007, 13 de Decembro de 2007 e 28 de Decembro de 2007.

2º.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCIZO 2006.-

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 1 de Febreiro de 2008 que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA

Resultando que a Comisión Especial de Contas en sesión extraordinaria celebrada en data 9 de outubro de 2007 dictaminou informar favorablemente a Conta Xeral desta Entidade e os seus estados e anexos correspondente ó exercicio presupostario de dous mil seis, nos termos e cifras con que foi redactada, así como de conformidade co previsto polo art.212.3 do Real decreto lexislativo 2/2002, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispoñer á exposición pública da Conta Xeral, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o prazo de quince días hábiles e oito máis poidan os interesados presentar reclamacións, reparos e/ou observacións.

Resultando que o anuncio publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 256, de data 6 de novembro de 2006 .

Resultando que durante o prazo de exposición pública non se presentou reclamación, reparo ou observación .

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aproba-la Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio presupostario de dous mil seis, nos términos e cifras con que foi redactada, sendo o seu resumo o seguinte:

	Exercicio 2005	Exercicio 2006
1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO	22.972.237,60 €	25.643.005,64€
2.- CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL:		
Aforro	0,00 €	1.981.772,90 €
Desaforro	0,00 €	

3.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) Resultado orzamentario exercicio 2006

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	8.189.625,92	6.725.002,97		
b.- Operacións correntes non financeiras	495.778,24	1.141.914,39		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	8.685.404,16	7.866.917,36		
2. Activos financeiros	26.996,18	26.996,18		
3. Pasivos financeiros	186.390,09	324.071,56		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	8.898.790,43	8.217.985,10		680.805,33
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			0,00	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			41.250,33	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			2.839,00	38.411,33
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				719.216,66

B) Estado remanente de tesourería

- Fondos líquidos de tesourería	966.282,86 euros.
- Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio.....	1.378.271,60 euros.
- Obrigas pendentes de pago en fin de exercicio.....	2.324.504,76 euros.
- Remanente Tesourería total.....	20.049,70 euros.
- Saldos de dubidoso cobro.....	0,00 euros
- Exceso de financiación afectada.....	2.839,00 euros.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	17.210,70 euros.

C) Dereitos e obrigas pendentes exercicio 2006

- Dereitos pendentes de cobro.....	1.557.304,36 euros.
- Obrigas pendentes de pago.....	1.596.993,53 euros.

4. MEMORIA que completa, amplía e comenta a información contida no balance, na conta de resultado económico patrimonial e o estado de liquidación do orzamento.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que se van ratificar no mesmo que expuxeron na comisión e van votar a favor dado que é unha conta do exercizo anterior que daquela eles non formaban parte deste goberno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular non votou a favor dos orzamentos do 2005 e por tanto na Conta Xeral vaise abster e pide que cando se elaboren os orzamentos se teñan en conta as recomendacións que se fan nas conclusións do informe de Intervención e que por tanto haber si se deixa dunha vez por todas de renovar créditos con créditos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que se mantén na súa posición xa que se abstiveron no seu momento e seguen absténdose.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 1 de Febreiro de 2008, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) dos/as Sres./as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo e Pico Sanmartín.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: cinco (5) dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 1 de Febreiro de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- PROLONGACIÓN DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DO EXERCIZO DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS.

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de Xaneiro de 2008 que transcrito di:

“ASUNTOS DE URXENCIA

(.../...)

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 24 de xaneiro de 2008 que, transcrita di:

“Proposta para o Pleno da Corporación para a prolongación da delegación de competencias tributarias na Deputación Provincial de A Coruña.

Visto o escrito do Presidente da Deputación Provincial de A Coruña recibido no Rexistro Xeral do Concello o día 21 de xaneiro de 2008, no que se indica que en sesión plenaria do 21 de decembro de 2007 se adoptou un acordo de modificación das bases para a prestación dos servizos tributarios, que supón que os Concellos que decidan prolongar a delegación da xestión tributaria e recadatoria durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir a partir do 1 de xaneiro de 2012, percibirán un incremento nas entregas a conta efectuadas por este organismo durante os meses de xaneiro a novembro de cada exercicio, pasando do 80% actual ao 90%, debendo adoptar este novo acordo de delegación o respectivo Concello de conformidade co procedemento disposto na base novena das bases para a prestación dos Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia aprobadas na sesión plenaria da Deputación Provincial de A Coruña celebrada o día vintanove de xuño de dous mil un.

Atendido que o antedito escrito do Presidente da Deputación sinala que canto antes se cumpran os trámites e se adopte definitivamente o acordo de ampliación do prazo de delegación, antes se fará efectivo o incremento das entregas a conta do 80% actual ao 90%, é dicir a partir do mes seguinte en que se culminen os trámites establecidos nas anteditas bases.

Á vista do cal esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prolongar durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir a partir do 1 de xaneiro de 2012, a delegación na Deputación Provincial de A Coruña do exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas Bases para a prestación de Servizos Tributarios nos Concellos da provincia, aprobadas pola

Corporación Provincial en sesión plenaria celebrada o día vintanove de xuño do ano dous mil un, todo elo respecto das seguintes materias:

- Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Bens Inmóveis, tanto de natureza Rústica como Urbán ou do imposto municipal que o complemente ou sustitua no futuro.
- Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Actividades Económicas ou do imposto municipal que o complemente ou sustitua no futuro, así como a facultade para, dacordo co previsto no art. 92 da Lei Reguladora das Facendas Locais, solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censal e inspección, e establecer con dita Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles dende a data da publicación, para xeral coñecemento e para presentación de alegacións ó mesmo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites necesarios.”

Non producíndose debate e sometida pola Presidencia a votación ordinaria a proposta, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda con oito (8) votos a favor (dos/as Sres/as Concelleiros/as Polo Gundín, Manuel López Rodríguez, García Balado, Silvar Canosa, Rodríguez Carballeira, Pico Sanmartín Roca Requeijo e Sánchez Martínez), e dúas (2) abstencións (do Sr. Franco Casal e da Sra. Bértoa Puente) dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 24 de xaneiro de 2008 que devén en dictámen nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que como xa expuxeron na comisión, hai unha solicitude da Deputación Provincial que é quen está a xestionar o IBI e máis o IAE para si se prorrogaba o convenio por dez anos máis en vez de adiantar o oitenta por cento adiantarían o noventa por cento, di que é unha prórroga a partir do 2012 ata o 2022 e que na comisión xa votaron a favor porque favorece e da máis liquidez para o Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que por parte do Partido Popular van votar a favor da proposta e que é ben coñecida a súa postura de que incluso a Deputación debería xestionar máis taxas e impostos deste Concello.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor porque coincide coas razóns expostas polo Sr. Manuel López Rodríguez, que é un incremento das entregas a conta beneficioso dun dez por cento máis.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG vai votar a favor desta proposta, entre outras cousas, porque como xa expuxeron os anteriores voceiros, é unha mellora substancial dun dez por cento no que é a recadación por parte da Deputación que lle vai pasar ao Concello e a nivel de liquidez para a caixa do Concello é unha medida positiva.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de Xaneiro de 2008 resultando aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 24 de Xaneiro de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dado que o asunto non pasou por ningunha comisión informativa e non está ditaminado en primeiro lugar cabe pronunciarse sobre da ratificación da súa inclusión na orde do día, polo que, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que básicamente esta moción a presentan neste pleno porque como é coñecido pola opinión pública, o Ministerio de Industria, a través dun Real Decreto establece que o 1 de xullo deste ano desaparece o tipo de tarifas eléctricas que se viñeron aplicando desde o ano oitenta e tres ata a actualidade, en concreto, no caso da tarifa nocturna establece a súa desaparición co cal, todas as familias, empresas, e incluso o Concello, teñen un problema que é que hai un custe da substitución dos acumuladores en canto á calefacción e o custe do cambio de limitador das vivendas ou empresas para ir á nova tarifa, polo que na moción o que fan é instar á Xunta de Galicia para que demande ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna, é dicir, tendo en conta que ten que desaparecer por normativa europea esa modalidade tarifaria, pero si buscar unha alternativa que poida cumprir os parámetros europeos e, ao mesmo tempo, non prexudicar ás familias e ás empresas, e en todo caso crear liñas de subvencións para que os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as sirva para transformar a Tarifa Nocturna noutro tipo de elementos e esta é a proposta que traen ao Pleno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo no punto 6º da orde do día teñen unha moción presentada que é practicamente coincidente no que é os puntos e as conclusións; di que eles van votar a favor desta moción, e que supón que o 6º discutirase igual, pero que de todas formas, destas dúas mocións que se presentan hoxe ao pleno e que as conclusións son idénticas e as solicitudes igual, si convén remarcar unha cousa; di que pola súa parte a nivel particular pediría a derogación do Decreto, pero iso está aí e vai entrar en vigor pero hai un punto que cre é moi importante tocar que é o tema da elevación de tarifas que fóra do que é a tarifa valle ou nocturna vai ser considerable, estase a falar dun 33% máis, estase a falar de que nesa tarifa valle nova que se crea vaise pagar o quilovatio a 0,04 euros que era máis ou o menos o que se viña pagando na tarifa nocturna pero en cambio vai a pasar na tarifa diúrna a 0,12, polo que é triplicar; que desa banda horaria que si ben é certo que se amplía, o que si está claro é que a enerxía eléctrica vai subir un 33% máis, quizás non chegue a esa porcentaxe , pero o que si está claro é que a esa subida vai ser unha subida da tarifa diúrna e de repente, co cal

non entenden en si cal é a necesidade do decreto, de todas formas están de acordo coas conclusións e co que se pide na moción e van votar a favor.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que para non repetir o debate no punto 6º da moción do Partido Popular, que se pode retirar unha das dúas ou ben refundilas se din o mesmo e os dous poñentes están de acordo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que na súa moción, no punto primeiro, o que piden é asesoramento aos veciños de Fene tocante ao tema de cambio de contadores, e na outra fala de liñas de subvencións que é practicamente o que piden eles no punto segundo, polo que si se introduce ese punto nesta moción, pola súa parte non hai ningún problema.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que efectivamente a exposición de motivos é unha cuestión técnica de prezos e horas e o seu é que os acordos basicamente van no mesmo sentido; di que eles non teñen inconveniente en facer un acordo único excluindo as coincidencias. O Sr. Galego Feal intervén e di que suprimindo o punto segundo da moción do Partido Popular e deixando o punto da do BNG e deixando o punto de asesoramento, está de acordo. O Sr. Polo Gundín manifesta que pola súa parte non hai ningún problema.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a moción pasaría a incluír dous puntos, un primeiro de asesoramento aos veciños e veciñas de Fene sobre este asunto e un segundo onde se pide a revisión dese proxecto.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a moción quedaría na súa parte dispositiva co seguinte tenor literal:

1º.- Instar á Xunta de Galicia que demande do Ministerio de Industria, Turismo e comercio o mantemento dunha tarifa coas características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as da Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

2º.- Que se requira á Xunta de Galicia para que as familias deste Concello que tiveran contratada a vella tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario para que fagan axeitadamente a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se procederá a debater a moción con estes dous puntos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que lle parece correcto refundir ámbalas dúas mocións, que está totalmente de acordo do que se pide. Continúa o Sr. Sánchez Martínez a súa intervención e manifesta que todo o que coñeza o sector eléctrico ve o que hai detrás; que desgraciadamente aquela xente, tamén apoiada polos sucesivos gobernos que houbo aquí, e no seu momento apoiaron ás grandes empresas constructoras e qué casualidade que estes señores das empresas constructoras que son os que hoxe están comprando as eléctricas, compraron Endesa, e hai rumores de que se comprará Iberdrola, e agora veñen con toda esta serie de cousas, antes a corrupción do ladrillo deu moitísimo e agora hai que entrar aquí, e iso as consecuencias dos prezos que trae o ven claro e entrase nun negocio que xa se ve o que hai detrás, xa se viron

unhas subidas na luz bastante mais do IPC e agora vese que existe este outro gran negocio que non é nin máis nin menos que esa corrente que estábase a pagar de noite a uns prezos moi baixos, agora hai que sacar diñeiro e se mete a todos os cidadáns de a pé, e ademais trae outras consecuencias, no momento que non haxa un incentivo para consumir electricidade de noite, esa corrente que se vai perder na rede haberá que producila de día, e se producen dous efectos, un dun timo ao cidadán e outro que ven ao que é a contaminación e ao empeoramento do sistema con máis contaminación, que coinciden totalmente co que expoñen e o seu voto vai ser afirmativo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que polo que respecta á moción que se presenta, por parte do Grupo Socialista aínda que si cren que no seu conxunto a tarifa que substitúe á tarifa nocturna non produce un efecto prexudicial sobre os consumidores na medida que é verdade que se encarece a tarifa pero tamén que se alonga o tempo no que esta pode ser aplicada, desde as sete da mañá ata as dúas da tarde, polo que moi probablemente incluso moitos usuarios acaben aforrando tanto consumo de enerxía como incluso custe económico, é verdade tamén que nas mocións se sinala en canto a que isto repercute un custe para os consumidores en canto ao cambio dos equipamentos que xa teñen nos seus domicilios e que non terían que facer se non houbera esta modificación da tarifa, e por tanto é preciso vías de compensación para os cidadáns para que esa transición que eles non escolleron e non decidiron, que non lles represente un custo tan elevado como o que se está a plantexar neste momento e en calquera caso tamén é verdade que no conxunto da reforma das tarifas eléctricas, e a pesar de que se alonga substancialmente o tempo no que hai tarifa reducida ata as dúas da tarde, polo que queda unha franxa xa bastante pequena na que hai tarifa normal, tamén é verdade que hai un incremento de custe que é importante, por tanto, nese senso o grupo socialista de Fene non pode deixar de estar nesta ocasión tamén defendendo os intereses do conxunto da cidadanía e os intereses dos veciños de Fene e por tanto o seu voto será positivo á proposta.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción có resultante das emendas e que resulta do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, qentadores de auga, etc, que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsábel e solidario, e obrigou a instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que “Os/as consumidores/as collidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar çá empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada”

É dicir, a partires do 1 de xullo de 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, mais, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 €uros por cliente. Uns 200 €uros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 €uros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuítos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

1º.- Instar á Xunta de Galicia que demande do Ministerio de Industria, Turismo e comercio o mantemento dunha tarifa coas características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as da Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

2º.- Que se requira á Xunta de Galicia para que as familias deste Concello que tiveran contratada a vella tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario para que fagan axeitadamente a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria.

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade aprobar a moción anteriormente transcrita.

5º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE ADHESIÓN Á PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dado que o asunto non foi ditaminado pola comisión informativa correspondente, hai que pronunciarse sobre a ratificación da súa inclusión na orde do día, polo que, conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

A continuación dáse conta da moción reactiva ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“MOCIÓN

Con motivo da publicación e entrada en vigor dos novos Canons Dixitais que teñen a súa orixe no Art. 25 da Lei de Propiedade Intelectual (LPI), ante o evidente prexuízo á totalidade de usuarios e consumidores, cidadáns todos eles, que esta medida representa e constatando:

1.- Que este Canon grava indiscriminadamente a TODOS OS CIDADÁNS, só polo feito de ser sospeitosos de poder realizar unha copia dunha obra suxeita a propiedade intelectual.

2.- que este Canon grava igual de indiscriminadamente a calquera usuario da tecnoloxía desde os xulgados aos estudantes pasando polos fotógrafos e os fabricantes de software, imponse tamén ao material escolar, aos elementos que necesitan as nosas empresas, comerciantes e profesionais forzosamente para traballar, e esténdese a todas as actividades que utilicen dispositivos electrónicos.

Ata este propio Concello queda afectado, converténdose noutra carga máis que deben soportar, a cambio de nada, os nosos veciños e veciñas.

3.- Que estamos fronte a un imposto de carácter xeral en favor de determinadas persoas privadas, sen ningún tipo de control por parte do Estado, e que encarece ata un corenta por cento os produtos tecnolóxicos. O Canon nada ten que ver coa piratería, aínda que, interesadamente, as Entidades de Xestión quixeron mesturar ambos os conceptos.

4.- Que dito canon está recadando ata polas obras de autores e creadores non representados polas entidades de xestión, aínda que eles non entran na repartición do recadado.

Fronte a esta anómala situación, cidadáns, empresas, asociacións culturais, deportivas, de defensa dos usuarios, institutos, concellos, sindicatos e patronais, sen distinción de opción política, credo, idade ou nacionalidade agrupáronse na plataforma TODOS CONTRA O CANON.

Por todas estas razóns, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

O Concello de Fene, como representante de todos os seus veciños e veciñas, mostra a súa adhesión á PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON, apoiando a quen actúan en

defensa de toda a cidadanía e insta ao Goberno para que proceda á derogación do Art. 25 da LPI.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que presentan esta moción porque cren que o artigo 25 da Lei de Propiedade intelectual está a establecer de forma velada un imposto indirecto en favor dunha entidade privada e por tanto cren que estase gravando aos cidadáns por consideralos sospeitosos de poder utilizar calquera das creacións artísticas, literarias ou de calquera tipo que poidan ter os artistas; di que cre que isto é como o chiste do pai co neno que lle pegaba e lle dicía o neno porqué me pegas se non fixen nada, pois para cando o fagas, e aquí pasa tres cuartos do mesmo; que se vai cobrar por se se piratea , é dicir, por se acaso, polo que cren que isto non é senso de legislar, independentemente de que eles defenden que evidentemente a propiedade intelectual debe estar resgardada e protexida e lóxicamente os axentes que interveñen nela deben de cobrar os seus dereitos, pero que esta non é a forma, entre outras cousas, porque a quen vai reverter ese canon é a Sociedade Xeral de autores de España, e hai moitos autores que non están integrados nesa sociedade e polo tanto esa mesma sociedade vai estar percibindo un canon pola utilización dunhas obras que despois non vai reverter nos seus verdadeiros autores; di que se vai estar recadando unha serie de cantidades que se lle van dar a unha entidade privada sen máis; que estase gravando con 1,5 euros un PDA, un teléfono móbil, con 3,5 para adquirir un MP3 ou MP4, con 12 euros por unidade autónoma de almacenamento, e non lle parece lóxico, independentemente de que haxa que salvagardar os dereitos de propiedade intelectual e por tanto desde o Partido Popular cren que ao mellor habería que crear a Axencia Española da Propiedade Intelectual e modificar esta lei. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que por outro lado quere engadir que precisamente van reverter todos eses cartos, porque van ser moitos cartos, nunha sociedade totalmente privada que nen sequera está auditada, xa que debe de levar polo menos seis anos sen ser auditada, polo que parécelle un atraco e cre que hai outras formas de poñerlle solución e outras formas de protexer a propiedade intelectual, polo que pide ao pleno que tomen o acordo de adhesión á plataforma todos contra o canon.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que está de acordo coa supresión ou polo menos por unha modificación para que este canon vaia de verdade a quen ten que ir, polo que vai votar a favor; di que non hai dúbida que a lei da propiedade intelectual debe ser respectada pero eses beneficios ou eses cartos que se recaden deberían ir ao verdadeiro autor, traballador ou a quen sexa, e non a un ente como este, que é un ente raro, parasitario, e o que non se sabe a onde van os cartos e o que se fan con eles.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que nesta cuestión vanse abster non porque o Partido Popular na proposta que fai non dea argumentos razoables, que si os da, pero tamén hai que ter un pouco de memoria de curto prazo porque eses argumentos que deu non os deu no 2003 cando creou por primeira vez o canon dos CD e DVD; di que evidentemente están en contra de que se cobre a todos presuntamente, porque o Concello de Fene como administración compra CDS para o traballo e non piratean música no Concello, polo que nese sentido ven claro que é un canon encuberto pero cunha finalidade; que na plataforma de todos contra o canon o que non se da é alternativa e por parte do Partido Popular si se debería dar alternativa aos dereitos de autor, da propiedade intelectual dos autores de música, películas, motivo polo que eles abstivéronse no Congreso dos Deputados, porque non estaban de acordo coa medida, pero neste momento entenden tamén que o que hai que facer, no vindeiro Parlamento, nas vindeiras

Cortes de Marzo, traballar na medida de arbitrar medidas para que os consumidores non se sintan discriminados e que a propiedade intelectual dos autores tamén esté garantida.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que para algúns debates habería que facer un pouco de historia, porque ás veces para comprender as situacións nas que se atopan hai que recordarlle á xente cal é a traxectoria de cada un; que no tema que estase a debater, o grupo socialista en Fene non vai compartir a mesma posición que defende o partido socialista a nivel de estado, en canto a que eles si consideran e comparten algúns dos argumentos que se poñen enriba da mesa en canto a que é verdade que crear un gravame sobre un feito que pode ser posible ou non, xa de por si parécelle inxusto, xa que haberá xente que faga moitas copias ilegais pero haberá xente que non faga ningunha e non teñen que pagar uns por outros; que tamén se dicía que esta propia institución tamén compra ordenadores e CD e moitas cousas pero non se dedica a copiar música, por tanto para eles é un canon absolutamente absurdo e inxusto, outra cousa é os fins que persegue que lles parecen moi lexítimos, e que aos creadores deste país hai que apoialos e teñen que ter uns dereitos sobre as súas creacións que son lexítimos e deben ser respectados e percibir unha compensación económica polo seu uso; di que tamén comparten que a SGAE ao final tampouco é a mellor ferramenta para xestionar todo isto, que comparte co resto dos voceiros que o puxeron de manifesto, primeiro a inxustiza de que é unha entidade que non aglutina a tódolos creadores e é a que ao final se beneficia deste canon, pero tamén porque ao final os criterios de reparto e o funcionamento da SGAE ao seu criterio deixa bastante que desexar. Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e manifesta que remitíndose xa á proposta que se presenta sobre a mesa, comparten a súa filosofía e contido, pero non poden compartir nen a oportunidade nen o apoio, porque quen trae a proposta hoxe sobre a mesa é a mesma organización política que non hai tanto tempo, en xullo de 2006 votou afirmativamente a reforma da lei da propiedade intelectual que seguía a consagrar o mesmo sistema que hoxe están condenando; que é máis, hai a penas uns días, o 20 de decembro de 2007, o Partido Popular no Parlamento do Estado rexeitou a emenda presentada á lei de medidas de impulso da sociedade de información que propoñía a supresión do canon, polo que agora, cinco ou seis semanas despois, que sexa o Grupo Popular quen traia esta proposta enriba da mesa non a poden cualificar se non é de oportunismo e electoralismo, máxime cando tamén tiveron oito anos nos que estiveron gobernando, nos que estiveron camiñando decididamente nunha posición favorable ao canon, tiveron todo ese tempo para virar a súa proposta, pero a viran un mes despois de ter votado nun sentido, cambian o seu voto porque hai unhas eleccións dentro doutro mes, polo que para facer electoralismo non poden apoiar a ninguén por moi xusta que sexa a bandeira que levante nese momento; di que por eles non habería ningún problema incluso en participar nesa plataforma, pero nen agora nen deste xeito.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que pide simplemente que non se confundan termos; que a política é mirar para adiante, é ir para adiante e non estar mirando para atrás, porque se van mirar atrás terán que mirar moitas cousas; di que eles poderían estar de acordo cun canon que xestionara o Estado como calquera imposto indirecto que grava determinados produtos, pero que saben que son razóns ocultas as que existen para darlle o canon á SGAE.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción do Partido Popular sobre adhesión á plataforma todos contra o canon, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor cinco (5) dos/as señores/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Votos en contra sete (7) dos/as señores/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado e Rodríguez Carballeira.

Abstencións cinco (5) dos/as señores/as Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo e Pico Sanmartín.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

6º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE AS MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN Á SUPRESIÓN DA TARIFA NOCTURNA.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta este punto non se debate toda vez que esta moción foi refundida coa presentada polo BNG no punto 4º da orde do día.

7º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS.-

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dado que o asunto non foi ditaminado pola comisión informativa correspondente, hai que pronunciarse sobre a ratificación da súa inclusión na orde do día, polo que, conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

De seguida dáse conta da moción do Bloque Nacionalista Galego para a prestación eficaz do servizo de Correos que, transcrita, di:

“MOCIÓN PARA A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos: externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/As funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar

funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notábel en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa estableceíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será –dise- todos os días laborabeis e, alomenos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita /aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas ailladas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte

ACORDO

- 1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.**
- 2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento.”**

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que presentan esta moción relativa á prestación eficaz do servizo de correos dentro dun contexto que é de que o goberno do estado ven de aprobar o regulamento rector da prestación de servizos postais, no que créanse entornos especiais nos que se pode eliminar a entrega domiciliaria, pasando o que é o buzón da casa de cada un a ser o que é un buzón pluridomiciliar, común, nun punto concreto, e prevé que se pode coordinar cos veciños, co Concello así como a promoción de establecementos, de ubicacións de caixas de correos comunais en determinadas zonas; di que isto afecta fundamentalmente ás vivendas illadas e que o regulamento está feito desde un punto de visto do Estado; que probablemente nalgunha urbanización grande, de segunda residencia, pode ter moito sentido que na entrada haxa buzóns comúns para toda a urbanización pero non no entorno galego, debido á tiploxía xeográfica, con vivenda illadas e núcleos de poboación situados a máis de 250 metros da vía pública; di que presentan esta moción basicamente en dous sentidos, un no que se manteña a prestación do servizo de correos con atención domiciliaria que chegue ás casas de todo o mundo en condicións de igualdade e de non de discriminación, e en segundo lugar queren que este acordo do Pleno do Concello de Fene se lle traslade ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galicia que neste caso serían os encargados de conseguir que este regulamento rector dos servizos postais non prexudicase a situación actual do reparto postal en Galicia. Remata a súa intervención o Sr. Polo Gundín dicindo que polo exposto pide o apoio á moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que están de acordo coa exposición de motivos da moción e que efectivamente cren que a creación deses entornos especiais onde se vai deixar a correspondencia pode incluso afectar como di a propia moción á inviolabilidade da correspondencia; que teñen que pensar que se efectivamente como en Galicia existen eses núcleos de poboación dispersa e teñen que contar tamén con que a poboación da Galicia rural cada vez vai máis envellecida, non parece lóxico que se lle faga a estas alturas ir buscar o correo aos entornos especiais; di que incluso debería engadir a esta moción a maior dotación de medios aos carteiros rurais pero que non por iso van deixar de apoiala.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que “coincide e subscribe os motivos da moción pero que isto ten uns orixes e unhas consecuencias e non ven de aquí; que isto ven dunha globalización que hai aquí onde hai que terminar con todo o público e desgraciadamente o defende a Unión Europea e os dous partidos maioritarios que hai en España, que non nace así porque así, se asina o acordo último de Lisboa, que se asina cunha banda de delincuentes, e o que non se puido meter por un tratado se asina pola porta de atrás. A liberalización trae esta serie de consecuencias, fálase de mercado libre que pode que sexa, de libre habería que falar un

pouco, porque cando o que se persigue é terminar co servizo de correos, e non centrais onde está única e exclusivamente o beneficio como ben di a proposta, e o desprezo polo cidadán por parte das grandes administracións é así, a privatización está aí e di aos que están gobernando ou aos que veñen a gobernar despois que hai que mirar toda este serie de cousas, porque si non preocupa o veciño ou os pequenos núcleos teremos iso, non cabe dúbida que á hora de votar o oitenta e pico por cento da poboación está nos núcleos grandes e aos pequenos son as consecuencias que paga”.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que para os que traballaron no servizo de correos durante unha tempada e lles quedan alí moitos amigos, hoxe é unha leducia comprobar a unanimidade que hai neste pleno por parte de tódalas forzas políticas na defensa do servizo de correos, o que pasa é que os que por alí pasaron lembran outros tempos, onde non foi precisamente a iniciativa dalgún grupo político dos que está aquí senón á forza do movemento sindical dentro do servizo de correos o que aguantou que hoxe esa empresa non esté privatizada, e para aqueles que incluso defenden que os servizos privatizados son máis rendibles, aos que traballaron no servizo de correos non se lles escapa en absoluto o que significa a privatización, porque eles saben o que lle custa a correos manter aos compañeiros que traballan no rural e de que o servizo de correos no rural ten un sentido como servizo público pero non hai empresa privada que poida manter iso porque é un servizo tremendamente deficitario e que por tanto soamente unha empresa pública pode manter un servizo que é de xustiza social manter. Continúa o Sr. Noceda Carballo dicindo que no que respecta ao debate que se trata hoxe, a verdade é que si que coinciden e comparten a filosofía de fondo; que cren que o servizo de correos é un servizo básico que se debe garantir para tódolos cidadáns, non obstante, do regulamento non teñen medos dalgunhas cousas, non teñen medos do tema da privacidade, de que se poida violar a privacidade do correo; que en todo caso, do regulamento, e nas consultas que teñen feito, eses artigos están pensados para determinados entornos especiais, por exemplo para determinadas urbanizacións onde hai un punto único de acceso e onde o servizo se pode mellorar moito cun punto de correos único porque ademáis tódolos usuarios teñen que pasar por aquel punto, polo que non son aspectos que estén pensados para aplicar nesta comunidade autónoma; di que compartindo a preocupación e a defensa por parte do seu grupo de que se teña o mellor servizo posible, non van a rexeitar a proposta pero tampouco a van votar afirmativamente porque cren que simplemente o que está estipulado no regulamento é para zonas especiais e non cren que exista ningún risco que iso se traslade a aplicar a zonas nas que non tería sentido, e que en calquera caso como dixo antes, como a filosofía de fondo de prestación dun servizo de correos de calidade a comparten, o grupo socialista absterase nesta moción.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a prestación eficaz do Servizo de correos, co seguinte resultado:

Votos a favor cinco (10) dos/as señores/as Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Votos en contra ningún.

Abstencións sete (7) dos/as señores/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado e Rodríguez Carballeira.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego a moción sobre a prestación eficaz do Servizo de Correos anteriormente transcrita.

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1 do 2 de Xaneiro de 2008 e a número 60 de data 31 de Xaneiro de 2008.

9º.- MOCIÓNS URXENTES.-

Non se presenta ningunha.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que desde o Partido Popular queren facer varios rogos e varias preguntas. Di que cren que se fai un abuso da prensa e sobre todo no tocante a temas que son sensibles e que son especiais como o tema do servizo nocturno da Policía Local e roga que non se tomen estes temas coa lixeireza que se está a tomar, que con este tema non se xogue porque en primeiro lugar cren que é empezar a casa polo tellado; que se de verdade se pensa niso, primeiro hai que ver se a lei o permite e se os asesores que hai neste Concello non poden dar solución tamén poden preguntar ao Partido Popular que lles dirán que cren que efectivamente non se poden mancomunar as policía locais, e hai unha lei a 2/1986, que non permite mancomunar policía locais, e hai unha sentenza do Tribunal Constitucional onde tamén impide mancomunar as policía locais, polo que cre que antes de lanzar estes anuncios á prensa e que os lea a cidadanía, convén asesorarse convenientemente. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que agora si hai unha posibilidade que xurde a partir dunha nova lei que é a 16/2007 para o desenvolvemento sostible do medio rural que si permite esa mancomunidade pero é para aqueles municipios de índole rural que lles custa moito crear o servizo e que si o poden mancomunar, pero Fene non pode mancomunar a súa policía coa de Neda, polo que si se quere crear o servizo nocturno da policía local en primeiro lugar haberá que falar coa policía local en segundo lugar, haberá que establecer as condicións nas que se vai prestar ese servizo nocturno, en terceiro lugar ver qué número de axentes máis se necesitan para prestar ese servizo e en cuarto lugar facer as probas de selección; di que é moi sinxelo, pero que estase a marear a perdiz e a dar tombos.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que ten outro rogo sobre a praza de minusválido que se pintou na praza da Constitución e roga dirixirse á Deputación porque a puxeron nunha pendente e non cre que sexa a mellor ubicación; pide que se tome en consideración crear outro paso de peóns na zona de Caixa Galicia, porque toda esta é unha zona moi frecuentada; di que tamén botan un pouco en falta que nas notas de prensa apareza menos o goberno local de Fene pois, ou todo se personaliza ou son os distintos grupos os que van xestionar, por exemplo a construción dun centro de día, o BNG de Fene xestionará este ano a construción dun centro de día ou Fene negocia con Sepes a construción de cento vinte vivendas, pero botan un pouco de menos que se diga “o goberno de Fene xestionará un centro de día ou o goberno de Fene xestiona con Sepes a construción de cento vinte vivendas”, polo que fai un rogo que sabe que vai quedar baleiro

pero o fai. Di que con respecto ao tema da N-651 quere facer outro rogo, que é que esas obras que anunciou o Alcalde se inicien rápidamente porque parece ser que xa houbo contactos coa Demarcación de Estradas, e Puentes propón a Fomento eliminar o carril de aceleración da 651 no Rego da Moa; que o rogo é que iso se faga canto antes e a pregunta é cando se deu conta o Sr. Alcalde de que iso era necesario. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que quere facer algunhas preguntas, que xa o dixeron noutras ocasións sobre o tema das vivendas sociais, e tocante á nota de prensa que aparece que di que se negocian cento vinte vivendas de promoción pública co Sepes; pregunta se isto é no polígono de Centieiras, porque se é no polígono de Centieiras outra vez estase a confundir á opinión pública porque todos saben que hai un recurso, que a Xustiza é lenta, que despois de que se resolva o recurso aínda haberá que facer o proxecto, executar as obras e por tanto vanse ir a seis ou sete anos; di que tamén quere que se lle informe do proxecto de auga a Río Castro porque eles estiveron na mesa de contratación e cre que se contratou levar a auga ata a ponte da vía, pero despois desde alí queda un treito ata Río Castro pasando por diante do Mesón do Emigrante, onde hai outras casas e que cre que é prioritario darlle a auga porque están as fontes ao lado do río e coas crecidas contamina esas fontes e ao mesmo tempo a proximidade ao mar impide tamén as captacións particulares; di que queren saber se efectivamente se vai a levar esas dúas vías e se non é así e vai quedar algunha pendente, desde o partido popular van pedir máxima prioridade para esa obra. Di que outra pregunta é tocante aos orzamentos, xa que non saben nada deles e queren que se lles pase con tempo, non queren que se aproben a présa e correndo, que se lles de un tempo prudencial para examinalos; pregunta se se está a facer algo no referente á apertura dominical do cemiterio.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que con respecto á Policía Local cre que xa se falou disto nun pleno, saíu nalgunha comisión informativa e que o que pode dicir é que a policía local nocturna é un compromiso claro e evidente do grupo socialista e que a Alcaldía particularmente e o goberno en xeral darán todos cantos pasos e explorarán todas cantas vías sexan posibles para facelo; que evidentemente a solución definitiva, e xa o dixo nun pleno, a que apuntaba o Sr. Galego Feal é lóxicamente crear as prazas, dotar aos policías e finalmente ampliar a plantilla ata o punto que permita crear ese servizo nocturno: que iso é evidente que non se vai facer nun ano nin se vai poder facer en dous anos, porque é un proceso lento, un proceso que economicamente ten que ter o seu reflexo nos orzamentos; que está a explorar tódalas vías, se é posible algunha que permita adiantar iso, é dicir, antes de que poidan ter as prazas cubertas, poder ter a plantilla da policía ampliada, e de que poidan gastar eses cartos do orzamento na policía nocturna, ver se é factible dalgún xeito crealo antes aforrando custes en primeiro lugar e adiantando no tempo ese servizo nocturno de policía; que nese senso ía a posibilidade dos auxiliares da policía que se comentara no seu día e que verán se é posible, porque eles seguen crendo que si é posible facelo como medida de apoio e que permita adiantar a prestación dese servizo e que nese senso ía o que se comentou o outro día, xa que o outro día non se dixo que Fene e Neda mancomunarán as súas policías, senón que o que se dixo foi que o Alcalde de Neda veu a Fene a manter unha entrevista co Alcalde de Fene para falar de temas en común e para ter unha toma de contacto entre os Alcaldes dos dous Concellos limítrofes; que o Alcalde de Neda lle plantexa ao Alcalde de Fene a posibilidade de que, ao abeiro diso que pon a Lei de que poidan policías de concellos limítrofes colaborar na prestación dun servizo, a posibilidade de que a policía de Neda e a de Fene, posto que os dous concellos queren prestar un servizo nocturno de policía poidan colaborar e que o que él lle resposta dentro desta liña e que o explorarán, que mirarán se é factible, se a lei o permite e tamén se teñen medios suficientes para empezar a colaborar nesa liña, e que niso están; que do que se lle pode acusar neste caso é de buscar camiños e solucións, pero iso o vai seguir facendo porque cre que é a súa

responsabilidade e a súa obriga incluso cos veciños aos que lle prometeron crear ese servizo nocturno; di que pola información que teñen si que lles parece posible acollerse a ese resquicio da lei e que haberá que ver primeiro se é posible, segundo con qué medios contan e se o poden facer e en terceiro lugar lóxicamente buscarase sempre a colaboración co corpo da policía municipal, pero que está claro que son os veciños e os políticos os que marcan a política do Concello de Fene e lóxicamente sempre desde o dialogo e desde o respecto aos traballadores do Concello de Fene, pero non hai máis que iso, exploración de vías e de camiños para poder levalo a cabo.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que con respecto á N-651, que se reuniu cos veciños de Rego da Moa e que lle insistiron novamente na súa necesidade de que ese carril se suprima e na súa reunión co responsable de Fomento en Galicia lle plantexou novamente esta posibilidade; di que non ten ningún problema en recoñecer que o Partido Popular o pediu nun pleno, pero que simplemente se fixo o que se tratou naquel pleno, nada máis. Di que tirando da prensa quere respostarlle ao Sr. Galego Feal, porque no periódico no que se lles acusaba de apropiarse das ideas do Partido Popular naquela nota de prensa tamén se dicía que él, daquela concelleiro da oposición, nin tan sequera portavoz do grupo socialista, o tres de novembro de dous mil cinco votara en contra da moción do PP na que se plantexaba isto, e nesa acta efectivamente daquela o Partido Popular presentou unha moción sobre este tema pero na acta di que o Sr. Yáñez Fernández, voceiro daquela do grupo socialista, dicía que o partido socialista pode estar de acordo con estes puntos que plantexa o partido popular pero que en todo caso entende que debe ser unha recomendación técnica e que deben ser os técnicos da Administración de Carreteras os que digan se é factible ou non, por tanto lle piden ao Partido Popular que inclúa na moción unha referencia a que se adopte a solución técnica máis viable e a Sra. Rodríguez Rico, voceira do Partido Popular no concello de Fene di que non van retirar a moción, nen van modificar nada porque chegados a este punto non procede modificala, entón o Partido Socialista a vota en contra, pero non porque non compartan a solución para esa zona; di en todo caso cre que queda suficientemente aclarado; que mañá estará aquí en Fene o Delegado de Fomento en Galicia, que visitará o Rego da Moa para xa trazar a solución definitiva e espera, sexa a iniciativa do grupo que sexa, que ese carril de aceleración só no treito da autopista e do cruce se poida suprimir e poñer fin a esa situación complicada. Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e manifesta que con respecto ás vivendas da Sepes en Fene, o que hai é o que dicía o propio periódico; que na reunión á que acudiu co Sr. Polo Gundín e a Sepes en Madrid para solicitarlles a ampliación do polígono industrial de Vilar do Colo un dos temas dos que se falou foi da posibilidade de poder facer vivenda pública en Fene ademais da vivenda de protección, dado que Fene leva bastante tempo sen inversión pública en vivendas sociais, vivendas para mozos, para mulleres soas con cargas familiares, ver a posibilidade de que o Ministerio da Vivenda xunto coas actuacións que poida facer a propia Consellería invista en Fene; que a Sepes pide ao Concello que lles dean diferentes posibilidades ou que se lles guíen sobre diferentes actuacións no concello nesta materia, e que en paralelo tamén se reuniron cos propietarios de Centieiras en varias ocasións; Sepes é propietaria dunha parte importante do solo de Centieiras; que os veciños ven máis factible que Sepes entre na xunta de compensación como calquera outro propietario e saia para adiante esa urbanización canto antes, e que o goberno o que quere facer é iso evidentemente; di que respostando á inxerencia de Sepes por facer vivenda pública en Fene e sendo conscientes de facer vivenda pública en Fene, respostando aos veciños, o Concello o que fai é plantexarlle diferentes actuacións en diferentes zonas de Fene, alternativas ao polígono de Centieiras, non no polígono de Centieiras, e polo tanto, ás vivendas que haxa que facer no polígono de Centieiras sumarlle outras vivendas que Sepes podería facer no termo municipal, e que o que se fixo foi remitirlle esas propostas que Sepes terá que estudar e ver o que fai con Centieiras

e con esa proposta, pero que en ningún caso o Concello deu por feito que esa proposta estivese xa amarrada e concretada, simplemente que o Concello tomou a iniciativa de remitirlle a Sepes e de pedirlle que invista en vivenda pública; que en todo caso vivenda pública vai a haber porque en Centieiras terán que decidir que é o que fan con elas; que se lle facilitou información do plan xeral de ordenación municipal e das posibles zonas dentro dese plan xeral nas que eles poderían actuar, incluso como posibilidade de investimento dese beneficio que podería ter de Centieiras.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que con respecto a auga a Río Castro coincide en que auga é moi importante para todos, e que si hai unha obra licitada, que é o PIL de 2005 que levará a auga ata a vía; di que hai o problema do grupo de casas que quedan ata abaixo e o camiño de Rachabordos; que falaron con Augas de Galicia que hai unha memoria valorada de Aquagest e que estase a iniciar un procedemento negociado de urxencia, e o enxeñeiro municipal pediu un proxecto para poder levar a cabo iso, e que unha vez que esté o proxecto iniciárase o negociado de urxencia e canto antes farase a obra, pero que está todo en marcha. Continúa dicindo que respecto aos pasos de peóns hai pedido a Fomento un na Avda. Naturais, á altura das paradas de buses, e que con respecto á praza de aparcamento de minusválidos na praza da Constitución viñeron os da Xunta e a pintaron aí sen consensuar có Concello e que farán as xestións oportunas para modificar iso.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que en relación có orzamento, como xa adiantou na comisión de facenda, desde o goberno municipal están a facer todo o posible para presentar a proposta canto antes; que o que pasa é que hai un atranco que en tanto non se resolva non se poderá presentar que é a negociación colectiva, que están a facer todo o posible pero que o obstáculo que teñen é na negociación colectiva e en tanto non esté resolto ese tema non poden facer a proposta correspondente.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, con respecto ao tema de apertura do cemiterio os domingos, houbo conversas cós traballadores do cemiterio pero lóxicamente a dificultade que hai é laboral, de libranzas e de turnos dos propios traballadores: que de momento non hai ningunha solución concreta pero estase mirando, e que en todo caso segue a ser un compromiso do goberno facelo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que no aparcamento que hai en San Valentín segundo lle comentan, é todo liña continua e cando se sae en dirección para Ferrol, hai que pisar a liña continua, e que cre que non costa traballo marcar alí dúas liñas. Tamén manifesta que hai un malestar grande polas augas fecais que están a saír diante do CPS e crea bastantes problemas e que se deberían tomar medidas. Di que quere facer un rogo sobre o tema dos policías, que desde EU son partidarios si se pode facer, de que a policía sexa mancomunada, e roga que sempre que se fagan estas cousas débese contar primeiro cós representantes dos traballadores e cós mesmos afectados porque o que saíu na prensa non foi precisamente o que o Sr. Alcalde dixo, non di que a intención fora esa, daba a impresión de que se tomara un acordo; di que ten unha queixa dos afectados e supón que o resto tamén a terá porque entrou por rexistro. Di que tamén quere preguntar por qué o noite bus este ano por nadal non funcionou e a que é debido.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, en canto á liña da Avda. do Mar, que toman nota e daráselle pintura naquela zona; que con respecto ao noite bus

mirarase para o vindeiro pleno e se respostará concretamente pero que en todo caso cre que non houbo porque estaba pensado para os meses de verán, pero o mirarán con exactitude e lle respostarán.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que sobre as augas fecais de San Valentín o problema da inundación foi corrixido, que o problema que hai en San Valentín é coñecido de todos e o que Aquagest está a facer é ir co camiión cisterna unha vez á semana para desatascar e intentar solventar eses problemas, e que mentres non se busque outra solución é o que se pode facer.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que en relación a este último rogo, que Aquagest está ao tanto de todo intentando solucionar o mellor posible cos medios que ten, pero nos POS que estaban bloqueados e que agora este ano se desbloquearon, vai a reforma dos bloques e beirarrúas de San Valentín e cando se fagan estes plans da Deputación é un problema que se emendará.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que no tema da Auga de Río Castro hai que pensar tamén no verán, porque é un sitio concorrido para as praias e pide se intente facer a obra antes do verán.

De seguido, pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que se vai facer pero que o problema que había é que agora mesmo chega a tubería ata as vías, que é unha tubería pequena que subministraría ás casas que hai agora pero no verán quedarían desabastecidos; que se vai buscar unha de noventa que así o dín os técnicos e que o atraso que hai é por iso, pero que no momento que teñan o proxecto vaise facer por vía de urxencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e vinte e tres minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.